

ALTERITATS

Nora Haddad / Alba Cros, 2023

1212

ESTREA EN NUMAX: 15.12.2023 | V.O.S.E. | +12 | 91 min

Documental que recolle a voz de diferentes vivencias lésbicas de catro xeracións residentes en Cataluña, unha xenealoxía. Un percorrido de vidas que se van entrelazando, a través das cales imos descubrindo en que consiste cohabitar nun mundo estruturalmente heterosexual e á vez formar parte do colectivo LGBTIQ+.

Filme especialmente recomendado para o fomento da igualdade de xénero (ICAA)



Entrevista con Nora Haddad: «Alteritats fala do que está fóra do normativo»

Por Dolors Moreno

É a súa opera prima como directora. Como foi o salto, como naceu o proxecto?

Alba [Cros] é cineasta, é directora, e eu estaba facendo unha instalación sonora que era unha colección de voces de moitas lesbianas, e ela, que era a miña compañeira e me axudou a construíla, díxome que estaría moi ben facelo na pantalla grande. Por que non o intentamos? E este foi o comezo de toda a busca.

Por que o título *Alteritats*? Queríamos unha palabra que abarcase o que falabamos e despois de moito falar dixemos: “Falamos do que está fóra do normativo, do construído socialmente”, e despois concluímos: “Isto é a alteridade, é o outro”. E o plural é porque vimos que non podíamos falar dunha identidade exclusivamente, senón que hai que falar de identidades plurais dentro do lesbianismo.

Falan distintas xeracións, é tamén un percorrido por como se viviu o lesbianismo en diferentes momentos históricos?

Para nós era importante tentar marcar unha xenealoxía e por iso fomos buscar as históricas, que neste caso son a parella de Dolors e Núria, que son as maiores con case 70 anos. Foi moi bonito comezar a investigar dende elas a outras máis novas, non tanto para ver a diferenza, senón para trazar a ruta.

É este un bo momento para o xénero documental? O documental sempre foi como esta pata desprezada do mini cine, que quedou un pouco á marxe porque sempre é reivindicativo, quizais ás veces é esixente porque necesita moita máis atención de ti que quizais unha ficción. Pero paréceme un momento moi bo, por exemplo, *El techo amarillo*, de Isabel Coixet, estreada en San Sebastián, iso axuda a levar o documental a outro lugar, e ao final é unha ferramenta para contar moitas historias que precisan seren escoitadas

Ti estudaches socioloxía e veu despois cinema. Os antecedentes sociolóxicos déronme este punto de intentar comprenderme primeiro no mundo e despois o mundo e as persoas que estamos nel, e sempre fixen cousas entre as ciencias sociais e o son. Traballaba no concello de Barcelona como socióloga e dixen: “Quero estar noutro sitio, na rúa, facendo proxectos diferentes”, e tenteino e despois de tres anos estou aquí.